

Segunda reunión

O Club Lector “ O Xograr Lector” desenvolveu a súa segunda e derradeira sesión do presente curso escolar 2020-2021. Tamén de forma telemática, desta volta coa presenza do escritor madrileño Paco Gómez. Traballamos todos e todas de forma moi gustosa arredor do seu foto-libro “Wattebled o el rastro de las cosas”, aprendendo cousas moi interesantes sobre este texto e aportando valoracións, achegas, opinións.



Recompensa

Para as alumnas e alumnos que máis préstamos realizaron durante o curso escolar que agora remata. Levaron un sinxelo agasallo lector. Foron Luis, Manuel, Otón e Derek, de 1º ESO; Dana, Mateo e Shaid, de 2º ESO; José Manuel, Lucía, Uxía, Yago, Kevin, Carlos, e Pablo de 3º ESO; Janeth e Érika, de 1º de Bacharelato. Parabéns a eles e elas...e a seguir lendo, que algo moi útil na vosa formación como persoas e como estudantes.



Agradecemento

A todos usuarios e usuarias – alumnado, profesorado, persoal de servizos, familias – que fixeron uso da biblioteca neste curso escolar 2020-2021. As obrigas e circunstancias fixeron que as normas da biblioteca fosen máis esixentes e rigorosas. Dende *Infobiblio* queremos agradecer o enorme esforzo feito por todas as persoas que cumpriron perfectamente todo o indicado.



Moi variada

Así está quedando curso a curso a nosa biblioteca, coas achegas económicas que imos conseguindo da Consellería de Educación. É o resultado do esforzo de toda a comunidade educativa xograrina. Neste curso que agora péchase novos fondos (libros, DVDs, revistas, etc.) enriqueceron a “biblio”, sobre todo no apartado de Biblioteca Inclusiva e de Igualdade.



Aumentando

Pese as singulares características deste curso, que obrigaba a deixar os fondos devoltos catro horas de corentena, os préstamos aumentaron moito. No momento de redactar este boletín o número que nos aporta o programa informático de xestión bibliotecario “Meiga” superaba os 1100 préstamos dende o primeiro día de clase, o pasado 23 de setembro.